





Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
 GOB/2024/68	 GOB18I00U0	
5200 205H 103P 383A 14JP		
		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO O TRES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> Dª MARIAN FERREIRO DIAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u></b> TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 12:05 do tres de setembro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra.Alcaldesa-Presidenta, MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión extraordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, O Secretario Xeral.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA

**NON ASISTE:**

PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -  
ULLA ROCHA, JORGE

**SRA. INTERVENTORA XERAL:**

D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

**SR. SECRETARIO XERAL:**

D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-  
CANTELI

**1 º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 14 DO  
PADROADO - CUL/2024/92.** -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

“A comisión informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, celebrada en data 29.08.2024, en sesión extraordinaria, eleva a ese Concello Pleno, a adopción do seguinte acordo: **“INFORME-PROPOSTA SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLO PADROADO DE CULTURA** En relación co expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora das taxas polos servizos prestados polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, emítese o seguinte **INFORME-PROPOSTA** O Concello-Pleno en data 27 de xuño de 2024 aprobou con carácter provisional a modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora das taxas polos servizos prestados polo Padroado de Cultura do Concello de Narón, e ordenou nese mesmo acordo expoñer ao público durante 30 días hábiles este expediente para que calquera interesado puidese examinalo e presentar as reclamacións que estimase oportunas. Durante ese período de alegacións, e segundo o certificado emitido pola Secretaría do Concello de Narón en data 20 de agosto de 2024), foi presentada unha alegación por parte do concelleiro D. Jorge Ulla Rocha, en representación do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (nº RE 15031, de 5 de agosto de 2024) instando a declaración de nulidade da aprobación inicial desta modificación. Examinada a alegación presentada, a Secretaría e a Intervención delegadas do Padroado de Cultura do Concello de Narón emitiron en data 21 de agosto de 2024 un informe conxunto no que consideran que se deberían rexeitar as reclamacións formuladas. De acordo co anterior, e segundo o establecido no artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e de conformidade cos artigos 22.2 d) e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a que subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Pleno, previo Ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Desestimar a alegación presentada polo concelleiro D. Jorge Ulla Rocha, en representación do Grupo Municipal do PSdG-PSOE contra a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora das taxas polos servizos prestados polo Padroado de Cultura.

**SEGUNDO.** Aprobado definitivamente a modificación da devandita ordenanza fiscal e ordenar a publicación deste acordo, xunto co texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, conforme determina o apartado 4 do artigo 17 do TRLRFL.

**TERCEIRO.** Dar conta á Xunta do Padroado de Cultura do Concello de Narón e á Intervención Municipal para os efectos oportunos”

Visto o ditame favorable da comisión informativa de data 29.08.2024 con cinco votos a favor de TEGA, dúas abstencións do BNG, tres votos en contra do PP e un voto en contra do PSdeG-PSOE, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Desestimar a alegación presentada polo concelleiro D. Jorge Ulla Rocha, en representación do Grupo Municipal do PSdG-PSOE contra a aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora das taxas polos servizos prestados polo Padroado de Cultura.

**SEGUNDO.** Aprobar definitivamente a modificación da devandita ordenanza fiscal e ordenar a publicación deste acordo, xunto co texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, conforme determina o apartado 4 do artigo 17 do TRLRFL.

**TERCEIRO.** Dar conta á Xunta do Padroado de Cultura do Concello de Narón e á Intervención Municipal para os efectos oportunos.”

## **DEBATE**

-Sr.Romero Franco: tras traer a este pleno a aprobación inicial e despois da alegación presentada polo partido socialista, facendo revisión aos informes dos técnicos correspondentes, que creo que ven aclarado ben neses informes, pois traemos esta aprobación definitiva que esperemos que salga aprobada. Moitas grazas.

-Sra. De Arriba Fernández: bos días. Grazas.

Dende o grupo municipal socialista imos a manter a nosa posición contraria sobre das taxas do Padroado de Cultura, xa que como manifestamos no seu día, consideramos que a mesma é abusiva por riba do IPC e vai en contra das familias traballadoras de Narón.

Pero hoxe ademais estamos profundamente preocupados pola situación económica do Padroado. Dende o grupo socialista tal e como anunciamos, presentamos esta reclamación ao entender que non se segue o procedemento legal pertinente que xustifique a suba. En tal sentido, o PSOE de Narón defenderá os intereses e dereitos dos veciños de Narón e por eso lle pedimos ao resto de forzas políticas que actúen con responsabilidade de cara aos veciños de Narón e voten en contra desta taxa ata que se aclare legalmente a situación do Padroado da Cultura. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, empezando polo último cremos que a situación está aclarada. Nós non temos que ver co que presentou. Creo que o que estaba falando agora son cousas diferentes, a portavoz do partido socialista, e confiamos na palabra que din os técnicos e os funcionarios. Entón como aquí como BNG, en realidade con esto que fixo aquí o PSOE non pinchamos nin cortamos, pois imos a manter a abstención.

Sí que quero dicir que me sorprende que unha forza que se di de esquerdas, como o partido socialista, non sexa capaz de diferenciar impostos, taxas ou servizos ou actividades, ou as persoas que somos usuarias do Padroado cremos que para unha taxa determinada dunha actividade que realizamos, a suba maior é por exemplo, de 63,10 a 70 ao ano por actividade, que son moi importantes onde hai máis ou menos 1200 persoas usuarias, que as persoas traballadoras teñen que ter todos os dereitos garantidos, que non pasa nada porque nós que facemos esa actividade que paguemos unha suba de taxa que é asumible e cando non é asumible as propias persoas, asistentes sociais, bonifican e hai familias que poden optar a unha actividade.

Cremos que é importante saber diferenciar impostos directos e indirectos, unha serie de cousas que vexo que o partido socialista moi preocupado está noutros parlamentos se logo fan do populismo cando están na oposición.

E repito, como o bloque nacionalista galego sí é unha forza de esquerdas, cremos que as taxas por determinadas actividades sobre todo cando xa levan 5 anos sen ser actualizadas e nada máis, me acaban de indicar ..... ademais neste Pleno non é isto o que estamos debatindo, no.

-Sr.Castrillón Permuy: bos días a todos e a todas. Grazas Sra.alcaldesa.

En referencia a aprobación definitiva da ordenanza fiscal número 14 do Padroado de Cultura, según consta nos informes tanto de Intervención como de Secretaría, recoñecen que os estatutos do Padroado de Cultura non están adaptados ao Real Decreto 128/2018. Realmente foi un pouco o que preguntamos na comisión, no, cando tiñan pensado facer esa adaptación. Nós consideramos que despois de 6 anos habería tempo suficiente para facer esa adaptación. Entón polo tanto, gustaríanos saber e que nos contestara, como na comisión non nos contestara, na comisión informativa de Contas, gustaríanos que alguén nos contestara cando teñen pensado facer esa adaptación, esa modificación e cal é o motivo despois de 6 anos, que non estivera xa regulado e adaptado a eses estatutos.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: vou intentar contestar a todo. Vou empezar polo final. Recordar que o informe en ningún momento pon que teñamos que facer unha actualización do regulamento do estatuto dos Padroados; en todo caso, se fôra esa a situación pois loxicamente non é aquí o momento senón que se levaría á Xunta do Padroado. De todas maneiras, facendo alusión ao escrito dos técnicos onde pon “ *non obstante a derogación desta norma polo Real Decreto primeiramente citado non permite esquecer que a Disposición Final Terceira do Real Decreto 128/2018 determina taxativamente a data de entrada en vigor desa norma (ao día seguinte da súa publicación no BOE), sen establecer o seu posible carácter retroactivo, e sen que ningunha das súas disposicións transitorias determine prazo de adaptación ou modificación de situacións preexistentes á súa promulgación*”.

Polo tanto, non sei se esa é a situación que temos que pasar ou non.

Por outra parte, facendo caso ao procedemento legal, creo que quedou xa claro na aprobación inicial que todos os trámites necesarios e legais para facer esta aprobación estaban máis que acreditados e así seguimos pensando que loxicamente os técnicos correspondentes así o afirman e por outra parte, falar dunha suba abusiva do ipc, a última modificación da ordenanza do Padroado foi no 2013. Dende aquela o ipc se calcula máis ou menos de máis de un 20% de suba. Polo tanto, dicir que hai unha suba abusiva que é superior ao ipc é faltar á verdade, e como tamén se dixo por parte do Bloque Nacionalista Galego estamos falando de actividades que sae ao mes, a pouco máis de 7 euros. Creo que si eso o consideramos abusivo pois creo que outras cousas que aprobamos neste pleno de subas máis elevadas, creo que si que considero que é máis abusivo que unha subida de 7 euros que pagan ao mes.

Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, a realidade Sr.Román, gustaríame que me contestara ás preguntas que facemos, no, porque entón estamos entendendo que Narón é diferente a todo o resto no. É dicir, aquí adaptámonos cando nos interesa e cando non, non nos adaptamos. É unha triste pena porque a nós gustaríanos que nos xustificaran ese motivo e non estamos criticando que sexa necesario ao mellor subir algunha taxa ou, non estamos criticando eso, porque recoñecemos que ao mellor os tempos cambiaron e.... tamén nos gustaría que foran claros e transparentes e que nos dixeran cal foi o motivo que durante estes 6 anos non se adaptaron e agora mesmo, nin me acaba de contestar. Si quere dicir que Narón somos diferentes, no.

É dicir, é verdade que aquí di que non é con carácter retroactivo pero recoñecen no informe, que efectivamente non están adaptados. Así está posto aquí. Teño o informe, oe. Se quere dicir outra cousa explíqueme para que nós o podamos entender. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, vou rematar. Volvo a.. só por aclarar, eh, O punto da orde do día: “aprobación definitiva da ordenanza fiscal numero 14 reguladora das taxas dos servizos prestados polo Padroado de Cultura” e por aclarar, que non o di Román nin o di Terra Galega, según os técnicos municipais e volvo a ler “ *sen establecer o seu posible carácter retroactivo e sen que ningunha das súas disposicións transitorias determine prazo de adaptación ou modificación de situacións preexistentes á súa promulgación*”.

-Sr.Castrillón Permy: Sra.alcaldesa, con todos os respetos, con todos os respetos sígolle decindo o mesmo, é dicir, haberá que adaptalos e levamos 6 anos sen adaptalos. Simplemente eso. Home, máis transparencia, máis humildade sería moi importante. Nada máis. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: mire, a transparencia se demostra con feitos, é dicir, nós temos unha xunta do Padroado onde se decidiu que esta suba, é dicir, era algo dentro do normal. E vostede de feito, o acabo de dicir, é dicir, non poñemos en dúbida porque agora xa dubidaba que votara vostede antes, se votara en contra, se votara a favor, porque é así; é dicir, vostede non está nesa xunta do Padroado pero si está unha representante do partido popular e entra dentro da máis pura lóxica que dende o 2013 cobrando 63,10, é dicir, 6,3 euros ao mes máis ou menos, se adapte a 7 euros creo que non estamos facendo aquí nada, é dicir, e o que decía Olaia, eso é para unha persoa que o pode pagar, e se non se pode pagar hai xente que se lle tramita dende Servizos Sociais e non paga esa matrícula, é dicir, e apostamos neste caso pola cultura. E creo realmente que cobrando 7 euros ao mes ( non lle dea á cabeza porque é así) .. e temos un estudio económico onde nos determina cales son os gastos que implicaría e non chegamos con ese... co que recadamos, nin sequera ..... non sei o que non lle gusta que fale, é dicir, que é o que non lle gusta porque esa é a realidade. Entón eso non lle gusta, vostede tamén o que trata é neste caso tergiversar o que estamos aprobando aquí: A aprobación definitiva da ordenanza fiscal número 14.....

Se pon en dúbida se teñen os informes que ten que ter. E neste caso, quen asina esto son técnicos municipais que vostede sempre di que non os cuestiona, din que cumpre con todo o que ten que cumprir para subirse esto. É dicir, na xunta do Padroado se decidiu que a suba era asumible, todas as entidades que alí estaban, ninguén votou en contra. Se trae a este pleno, agora se achaca que hai falta de legalidade ou tal.... E un informe dos técnicos municipais di que non. Que se cumpre con todo o que se ten que cumprir, pero vostede aínda así se vai a quedar co que lle dá a gana. Entón a realidade é esta, é dicir, nós hoxe aprobamos definitivamente a ordenanza fiscal número 14 do Padroado de Cultura e constan todos os informes que ten que ter para que así se poda aprobar. E é o que imos facer.

Pasamos a votar a proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

Votos a favor: 10 TEGA

Votos en contra: 6 PP e 1 PSdeG-PSOE

Abstencións: 3 BNG

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 12:19 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada polo Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.



V. e pr.